

**INSTRUCCIÓN XERENCIAL 9/2024, DO 29 DE XULLO,
SOBRE A COORDINACIÓN EN MATERIA DE
SEGURIDADE E SAÚDE DE ACTIVIDADES
EMPRESARIAIS**

Malia que en todos os contratos celebrados pola Universidade de Vigo mediante a súa licitación a través da Plataforma de Contratación do Estado se fai constar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a mención obrigatoria en cumprimento do preceptuado na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e do desenvolvemento daquela neste tema polo Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, estase a comprobar que non sucede así nos contratos menores, aos que lles é de aplicación igualmente a antedita normativa.

Por este motivo, e ante a responsabilidade da Universidade na evitación de riscos mediante a súa prevención, dos que podería resultar responsable subsidiaria ou principalmente segundo as circunstancias, dítase a presente instrución.

1. **ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.** Todos as persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo con competencias en materia de contratación.
2. **ÁMBITO OBXECTIVO.** Calquera contrato menor con calquera obxecto (obras, servizos, subministración...) con independencia do seu importe, do que se derive que en calquera inmovible, terreo, centro, instalación da Universidade de Vigo poidan confluír traballadores por conta propia de calquera tipo ou por conta allea.
3. **MODO DE CONSECUCIÓN DA COORDINACIÓN.** Nos casos anteriores deberá asinarse un contrato, non sendo suficiente simplemente o cargo contra factura ou asinar a carta de servizo ou orzamento presentado pola empresa ou autónomo, senón que se debe asinar un contrato no que, ademais das cláusulas económicas, se inclúa a seguinte:

“Cando se trate de contratos cuxa actividade se vaia a desenvolver nas instalacións da Universidade, antes da sinatura do documento contractual coa empresa/persoa autónoma seleccionada, e antes de iniciar a efectiva execución do contrato nas instalacións propias desta Universidade, deberá realizarse a oportuna coordinación de actividades empresariais segundo o procedemento da Universidade de Vigo
PPRL-08 COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl>



[/planprevencion/pprl_08_gl.pdf](#). A tal efecto, a empresa/persoa autónoma está obrigado a presentar toda a documentación requirida polo servizo de prevención desta Universidade ao obxecto de dar cumprimento ao sinalado no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro. A dita documentación requirida, e que dependerá da tipoloxía dos traballos a realizar ou dos servizos a prestar, deberá remitirse pola persoa autónoma/empresa aspirante á contratación ao SP, a través da aplicación de xestión documental de coordinación de actividades empresariais utilizada pola Universidade de Vigo, a través da cal tamén deberá recibir a documentación que o dito servizo lle traslade. A tal efecto, seguindo as indicacións do dito SP, deberá primeiramente rexistrarse na dita plataforma”.

Só se poderá iniciar a execución do contrato cando tanto os traballadores como a empresa/persoa autónoma estean en “verde” na devandita plataforma. Se se detecta a ausencia de cumprimento das obrigas anteditas o servizo de prevención de riscos propondrá ao contratante a interrupción dos traballos.

A Universidade ao longo da duración do contrato poderá solicitar, en calquera momento, nova documentación, ou actualización da mesma, sobre este aspecto.

Ao mesmo tempo, a empresa/persoa autónoma comprométese a que cando subcontrate a outra empresa ou a outra persoa autónoma para realizar traballos nas instalacións da Universidade de Vigo, informará ao SP da Universidade de Vigo con suficiente antelación do dito feito, debendo a empresa subcontratista proceder do mesmo xeito que a empresa principal en materia de coordinación de actividades empresariais, presentando a documentación requirida polo SP, a través da plataforma de coordinación de actividades empresariais que utilice a Universidade de Vigo, a través da cal tamén deberá recibir a documentación que o dito servizo lle traslade. A empresa/persoa autónoma principal tamén se compromete a exixir ás subcontratas que realicen o seu traballo nas instalacións desta Universidade o cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais e a non contratar traballos para Universidade a empresas/persoas autónomas que teñan limitada a facultade de contratar coa administración por delito ou por infracción administrativa moi grave en materia de seguridade e saúde no traballo”.

Vigo, na data da sinatura dixital
A Xerenta,
Yolanda T. Lesmes Romero

